



DPTO TECNOLOXÍA

CURSO 2018/19

Plan de recuperación de materias pendientes: Tecnoloxía ESO

Planificación	Tecnoloxías 2º ESO	Tecnoloxía 3º ESO (cursan TEC 4º)	Tecnoloxía 3º ESO (NON cursan Tec 4º)
Materia pendientes curso 2018/19	5 alumnos	2 alumnos	5 alumnos
Información de pendientes:	7 de novembro 2018 no recreo		
Entrega Fichas de recuperación de pendientes:	Primeira tanda: 31 xaneiro 2019		Segunda tanda : 24 abril 2019
Probas pendientes Eso	14 febreiro 2019 (1ª parte)		8 maio e 2019 (2ª parte)

Alumnos coa materia de 2º ESO pendiente

Os mínimos esixibles das materias de pendientes son os da programación da materia no curso pasado (páxinas 18, 19, 20, columna: “grado mínimo de consecución”).

O alumno/a terá unha cualificación de apta na materia pendiente cando aplicando os criterios de avaliación correspondente a terceiro da ESO, acada unha media maior ou igual ó 5 cos resultados da primeira e a segunda avaliación de 3º ESO, así coma todas as fichas de actividades, entregadas e cualificadas como “apto”. O alumnado que non cumpra estes requisitos, terá que presentarse á proba de pendientes no mes de maio.

O profesor/a responsable do seguimento do alumnado de pendiente de 2º de ESO será o que imparta a materia en 3º ESO a cada alumno/a.

Actividades programadas para a materia Pendentes Tecnoloxías 2º ESO**Tanda número 1**

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos Actividades finais exercicios 9-20
 Bloque 2. Expresión e comunicación técnica Actividades finais exercicios 14-31
 Bloque 3. Materiais de uso técnico Actividades finais exercicios 14-35, 36-45

Tanda número 2

Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos Actividades finais exercicios de estruturas 14-56
 Actividades finais exercicios de máquinas e mecanismos 17-25
 Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación Actividades finais exercicios 9-14

Os alumnos que non superen a materia en xuño terán que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. A cualificación de setembro será o resultado do exame.



Contidos mínimos do plan de recuperación da materia pendente Tecnoloxía 2º ESO

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo con pequenos erros na representación.
- Cubre os documentos básicos necesarios para a planificación da construción dun prototipo sinxelo.
- Fabrica un prototipo que case dá solución ao problema técnico principal plantexado.
- Mantén habitualmente unha actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- Representa mediante esbozos en perspectiva caballera ou isométrica obxectos ou sistemas técnicos nos que se aprecie axeitadamente o obxecto ou sistema a fabricar.
- Interpreta esbozos e bosquexos de produtos tecnolóxicos sinxelos.
- Realiza debuxos simples empregando programas de debuxo com sketchup. Elabora os documentos básicos de presentación dun prototipo cun procesador de texto. Realiza un orzamento sinxelo nunha folla de cálculo .

Bloque 3. Materiais de uso técnico

- Describe as propiedades máis importantes dos materiais máis comúns: madeira, metais
- Identifica os principais materiais cos que están fabricados obxectos técnicos cotiás.(madeira, metais)
- Identifica e manipula con seguridade as ferramentas básicas de traballo no taller.
- Elabora un plan básico de traballo no taller tendo en conta as normas fundamentais de seguridade e saúde.

Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos

- Describe as principais características dos diferentes tipos de estruturas.
- Identifica os esforzos característicos nunha estrutura sinxela.
- Describe como transmiten o movemento os principais mecanismos de transmisión e de transformación de movemento.
- Calcula relacións de transmisións simples en poleas e engrenaxes.
- Explica a función dos elementos que compoñen unha máquina ou sistema mecánico sinxelo.
- Simula e interpreta con software específico o funcionamento de sistemas mecánicos sinxelos.
- Deseña e monta un sistema mecánico sinxelo que acade unha multiplicación de forza.
- Deseña e monta circuitos eléctricos básicos en serie e paralelo.
- Deseña e experimenta con circuitos eléctricos básicos mediante software específico empregando simboloxía normalizada.

Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación

- Identifica as partes fundamentais dun computador.
- Manexa basicamente un procesador de texto, unha folla de cálculo, un simulador de circuitos eléctricos e de sistemas mecánicos.
- Utiliza adecuadamente o ordenador asignado respetando as normas de manexo.
- Utiliza un programa de ofimática para a elaboración dun proxecto técnico sinxelo.
- Realiza videoxogos moi sinxelos co programa Scratch.



Alumnos de 4º ESO coa materia de 3º ESO pendente

Os mínimos esixibles das materias de pendentes son os da programación da materia no curso pasado (páxinas 27 a 30, columna: “grado mínimo de consecución”).

Poden darse duas situacións:

- Alumnos/as que cursen a materia de Tecnoloxías de 4º ESO tendo pendente 3º ESO: terán unha cualificación apta na materia pendente cando aplicando os criterios de avaliación correspondente a cuarto da ESO, acaden unha media maior ou igual ó 5 cos resultados da primeira e da segunda avaliación de 4º ESO así coma todas as fichas de actividades entregadas ó profesor/a da materia de 4º e valoradas como “apto”. O alumnado que non consiga o anteriormente dito, terá que presentarse á proba de pendentes no mes de maio.

O profesor/a responsable do seguimento do alumnado de pendente de 3º de ESO será o que imparta a materia en 4º ESO a cada alumno/a.

- Alumnos/as que **non** cursen Tecnoloxía en 4º ESO: terán unha proba parcial en febreiro e outra en maio computándose en cada caso un 30 % as fichas de recuperación e un 70 % o exame. De non entregar as fichas, a nota do exame será o 100 % da nota da materia pendente. Nembargantes anque a nota do alumno sexa 5 ou maior pero non se acade o 30 % da puntuación máxima asignada a cada bloque de contidos, a calificación será de 4, suspenso. Intentase evitar con isto que o alumnado se centre só nunha parte dos bloques e abandoe outros.

O profesor/a responsable do seguimento do alumnado de pendente de 3º de ESO que non cursen Tecnoloxía en 4º Eso será a Xefa de Departamento.

Os alumnos que non superen a materia en xuño terán que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. A calificación de setembro será o resultado do exame.

Actividades programadas para a materia Pendente Tecnoloxía 3º ESO:

Tanda número 1

Bloque 3. Materiais de uso técnico

Actividades finais de materiais de construción, exercicios 9-34

Actividades finais de materiais plásticos, exercicios 25-53

Tanda número 2

Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control

Actividades finais de electricidade, exercicios 25-56

Actividades finais de circuitos eléctricos, exercicios 25-39



Contidos mínimos do plan de recuperación da materia pendente Tecnoloxía 3º ESO

Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

- Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
- Elabora a memoria técnica
- Constrúe o proxecto técnico no taller
- Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.

Bloque 2. Expresión e comunicación técnica

- Representa de maneira básica os elementos constituintes do proxecto
- Realiza mediante software a memoria técnica

Bloque 3. Materiais de uso técnico

- Describe e compara as características dos diferentes materiais de construción e plásticos
- Explica as propiedades mecánicas de plásticos e materiais de construción

Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control

- Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión mediante un esquema
- Utiliza o polímetro para medir V,I,R.
- Calcula V,I,R nun circuito sinxelo
- Deseña e monta un circuito con compoñentes eléctricos e electrónicos
- Emprega software de simulación para deseño de circuitos eléctricos sinxelos
- Elabora mediante arduino un programa de control

Bloque 5. tecnoloxías da información e da comunicación

- Despeza a CPU e identifica os componentes clave
- Crea espazos web(wikis, blog, google sites...)
- Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco no teu espazo web
- Instala e manexa os programas empregados na metría
- Fai un uso correcto dos equipos informáticos e dispositivos electrónicos
- Elabora, presenta e difunde mediante equipamento informático o proxecto a realizar